

A Asociación de Escritores en Lingua Galega, a traveso da sua directiva, quere facer chegar á viuda de Rafael Dieste e a Galiza en xeral a expresión conmovida da dor pola perda do ilustre intelectual de Eianxo, quen honraba a esta Asociación sendo un dos seus membros de honor.

Ainda que cuantitativamente é superior a sua obra en castelán (dousa explicabél polos longos anos deexilio en Latino-América), non cabe dubidar da importancia do aporte que supoñen obras como "Dos arquivos do trasno" na nosa narrativa, ou "A fiestra valdeira" no campo da moderna dramaturxia galega. Pero sobre todo a Asociación de Escritores en Liiga Galega lembra neste luctuoso momento o exemplo de elegancia, de perene curiosidade cara o novo, de actitude receptiva, coidadosa, atenta, construtiva do mestre de intelectuais que foi en Galiza Rafael Dieste, quen cos seus oitotententa e dous anos, con inmarcesibel xuventude espiritual, asistiu puntual a Poio, o pasado 2 de Maio a presidir o noso primeiro congreso de escritores galegos intervindo directamente ante os novos con palabras cheas da inspiración poética e cordial que o caracterizaba. Coa sua morte cae unha vez mais sobre Galiza enorme luto e orfandade cultural.